

## AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO

### Curso 2023-24 - Educación Primaria

Estimadas familias:

O 19 de maio publicouse no DOG (ORDE do 10 de maio de 2023), a convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar para o curso escolar 2023-24 destinadas ao alumnado matriculado en Educación Primaria (O alumnado que cursa actualmente 6º de ed. Infantil tamén porque estará matriculado en 1ºEP no vindeiro curso).

#### ➤ MODALIDADES:

- Axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria.
- Axudas para adquirir libros de texto en 1º e 2º de primaria
- Participación no fondo solidario de libros en 3º e 4º de primaria.

➤ SOLICITUDE: presentarse UNHA solicitude única para todos os fillos/as matriculados no Centro (ANEXO I e II: ED330B) que poderá descargarse da páxina WEB do colexio ou solicitalo en secretaría.

As solicitudes presentaranse das seguintes formas:

- POR CORREO ELECTRÓNICO adxuntando a documentación necesaria e o Anexo I e II ben cuberto e asinado en todos os recadros. Escanear todo e enviar ao enderezo [ceip.souto.donas@edu.xunta.gal](mailto:ceip.souto.donas@edu.xunta.gal) poñendo no asunto “Solicitude Axudas Material Escolar\_Nome do alumno/a”.

\* Aquelas familias nas que a situación familiar non variou con respecto á solicitude do ano pasado, que o indiquen no mail e só entregarán o Anexo I e II. O resto deberán enviar como mínimo o libro de familia de todos os membros e o indicado no apartado de "Documentación", de ser o caso.

- POR VÍA ELECTRÓNICA nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática «Fondolibros» <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros> a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> con código de procedemento ED330B mediante Certificado Dixital ou Chave365.

- EXCEPCIONALMENTE, DE FORMA PRESENCIAL NO CENTRO, en horario de 9:00 a 10:00 e de 13:00 a 14:00h

➤ PRAZOS: A solicitude presentárase debidamente cuberta e asinada, xunto coa documentación necesaria dende o 22 de maio ata o 16 de xuño.

➤ REQUISITOS: ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en educación primaria nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso escolar 2023/24.

➤ CONTÍA DAS AXUDAS: enténdese por renda per cápita familiar a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables. A declaración da renda será a do ano 2021 e para os efectos do cálculo da renda familiar, sumaranse os recadros 435 (base impoñible xeral) e o 460 (base impoñible do aforro) da/s declaración/s de todos os membros con ingresos. Logo dividirase entre o número de membros da familia. No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar durante o exercicio 2021 e solicitar na Axencia Tributaria o “Certificado tributario de imputacións de renda”. Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

A renda per cápita familiar no ano 2021 que deberán ter as familias para acceder ás Axudas para adquirir material escolar (toda primaria):

- Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €: 75 €

- Renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000: 60 €

\* O alumnado que estea en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

\* Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

➤ OBRIGAS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

1. Aceptar as bases da convocatoria e cumprir os requisitos exixidos nela e que sexan certos todos os datos indicados na solicitude.

2. Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.

➤ DOCUMENTACIÓN: En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2021, agás no relativo á violencia de xénero que se aplicará o disposto na lexislación específica.

a) Anexo I e II (ED330B): os datos da persoa solicitante son os do pai/nai e nos datos do alumno/a poñede a todos os fillos/as que estarán matriculados/as en educación primaria no vindeiro curso e para os que solicitades a axuda. Para o apartado dos membros computables da unidade familiar, indicade aos membros distintos da persoa solicitante e do alumnado para o cal solicitades a axuda. No anexo II poñede a todos os membros da unidade familiar e asinade nos recadros correspondentes. Non esquezades por a data e asinar.

b) Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables: no caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2021, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento acreditativo do número de membros da unidade familiar, tales como: 1. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor. 2. Certificado ou volante de convivencia. 3. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia. 4. Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia no cal deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

c) Certificado do grao de discapacidade do/a alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia: achegarase o certificado acreditativo do grao de discapacidade, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación. O grao de discapacidade igual ao 33% tamén se poderá acreditar coa resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social de recoñecemento dunha pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou coa resolución de recoñecemento dunha pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, cando non autorice a consulta telemática. Discapacidade igual ou superior ao 65 %. As solicitudes irán acompañadas unicamente da documentación acreditativa da identidade da persoa solicitante, cando non autorice a consulta

telemática e do certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación.

d) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar: en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cando o agresor forme parte da unidade familiar.

e) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada: acreditarase coa correspondente resolución xudicial.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores: para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia: no caso de que o pai e a nai ou titor ou titoras carezan de DNI e NIE.

h) Renda familiar. Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na súa falta, o certificado tributario de imputacións no exercicio 2021 da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar, de ser o caso, cando non autorice a consulta telemática.

➤ RESOLUCIÓN DAS AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR: iremos dando un número segundo entreguedes a documentación e publicaremos a listaxe con eses números.

- Para publicar as listaxes provisionais: o 12 de xullo de 2023.

- Para publicar as listaxes definitivas: o 26 de xullo de 2023.

➤ RECLAMACIÓNS: 2 días seguintes á publicación provisional.

➤ CHEQUES: Os vales das axudas de material escolar serán entregados no mes de setembro.

➤ AXUDAS NA ESO: Para o alumnado de 6ºEP que promociona á ESO deberán solicitar as axudas para a adquisición de libros de texto, material escolar e participación do fondo solidario no Instituto onde estea admitido/a. A data límite será o 21 de xuño. Visitade a páxina WEB do IES para máis información ou chamade por teléfono.

➤ SECRETARÍA: para presentar a documentación de forma presencial ou para calquera aclaración, chame ao teléfono do centro 886121240.

A Dirección

Donas, 22 de maio de 2023